


A NOSA TERRA


Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ô mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA



Enorme reducción de prezos postos en vigor

	ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN..	Pesetas 6.750	4.480
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	> 8.100	5.525
VOITURETTE » 2 » » sin »	7.450	6.025
DOBLE FAETON » 5 » » con »	8.650	5.980
DOBLE FAETON » 5 » » sin »	7.950	6.480
SEDAN (coche cerrado con arranque)	» 12.200	5.875
CHASIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada	» 8.050	10.950

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados





Axiña recibiré unha remesa de vinte autos e camiós, pol-o que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adequirilos, faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda e moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servicio económico de autos de alquiler

LUIS GRANADOS
AXENTE

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda
crás de accesorios para automóviles

Todas mis ofertas se entenden sin compromiso y sujetas a mi confirmación.
As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non ademitindo devolta dempois da saída do almacén

Payo Gómez, 5  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD**

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V — NÚMERO 144 — 15 JULIO 1921

Resposta a un e a moitos

Duas crases de galeguistas

Hai duas crases de galeguistas (preseindindo xa dos rexionalistas á antiga, dos cursis do rexionalismo "sano y bien entendido"): os que queren camiñar de presa e os que queren camiñar paseniñamente.

Os que queren camiñar de presa, "todos" son de temperamento político. Os que queren camiñar paseniñamente cuasi que todos son de temperamento apostólico. Os primeiros profesan unha grande tolerancia para canto se lles ofrece por diante. Os segundos profesan unha fonda intransixencia nas cuestións relacionadas c'o ideal.

Eu confío mais n'estes que n'aqueloutros. Y-a cantos discorran por conta propia halles pasalo mesmo.

Cando un home ten fe nun ideal e sente fondo amor por él, e constituindo ese ideal o soño que ateiga a súa vida enteira, non quer, sin embargo, ollare o trunfo a medias do mesmo, senon que prefere traballar a cotío para que o trunfo sexa completo, inda que él xa non poida disfrutar do trunfo, de tal home é xusto dicire: ¡é un apóstol! Diante da intransixencia de un home así teñen que se descubrir as persoas honradas. Y-á súa intransixencia, sinónimo de sacrificio, compre entón chamarlle santa. Porque quen é intransixente en nome d'un ideal do que non soña con celebrar a vitoria, sabe que só disgustos traeralle aparelados o seu nobre "imperativo categórico", disgustos e persecucións cuio único premio é a satisfacción íntima da conciencia.

Os galleguistas que d'este xeito pensan son censurados pol-a maoria dos galleguistas de temperamento político, pol-os galleguistas que queren camiñar de presa, mostrando un desexo de chegar axiña, que proba que pensan mais no ideal da vitoria que na vitoria do ideal. A estes galleguistas, nós témoslles rexeio. Danos a i-alma que si calquera día atopan no camiño da loita un outo cume honorífico e sustancioso, fluxindo confundilo c'o cume lonxán e autísimo que cubizamos conquistar todol-os bos e xenerosos, son capaces de ficar n'él, por mor da presa que levan, para nos deixar solos ós que, sin presa, camiñamos paseniñamente, fixando a huella dos pes no camiño cheo de gravas e espiñas. Nin na Hespaña, nin fora da Hespaña, sabemos de homes dos chamados de tempe-

ramento político, que non fosen en mais d'unha vegada treidores ás súas ideas. Cataluña mesma, nos seus políticos catalanistas, ofreceu exempros d'esto. ¡Hasta Irlanda!...

Desconfiade, pois, irmáns, dos que queiran camiñar moi de presa. Y-ó decir desconfiade, non aconsello que se rechace a ninguén, senon, sementes, que se lles fite sempre, c'os ollos moi abertos, a cantos se faien das andarelas paseniñas e metódicas. En todo a naturidade chega á súa hora.

Concretando xa: ¿De que lle serviría á Galiza que o Poder Central déralle un réxime autónomo se o pobo nada fixera pol-o conqueiramento d'ese réxime? Sería igual que lle dare un avión a quen non sabe voar. Hai que sentir a autonomía para merecela. E cando se merece, non vos queipa dúbida que s'eisixe e se conquire. ¡Por algo lles botaron o touro do terrorismo ós cataláns cando achábanse a punto de conquiren a súa, á que teñen perfecto dereito! O terrorismo agora, coma enantes o lerrouismo

Cantos aspiren a redentores, hanse redimir eles primeiro. E ¿sabedes de galegos, agás os nacionalistas, e nin siquer todos, disgraciadamente, que teñan feito na súa conciencia a súa redención do castelanismo? Pois esta redención individual é a que traerá a redención colectiva. Primeiro, redimirse cada un a sí mesmo; logo redimirla intimidade do fogar propio, e o demais virá por engadega.

Cando cen persoas cultas (cento, sementes cento) faigan o que nós: ternos redimido a nosoutros mesmos, sintindo, pensando e falando na lingua natal, dentro e fora do fogar, e adprendéndolles aquela lingua aos fillos; cando na Galiza haxa cen persoas así, enton poderemos celebrarmos a festa da posta da primeira pedra do edificio da pátria. ¡Da primeira pedra, galleguistas que queredes camiñar de presa! ¡Somentes da primeira pedra!

Conque xa vedes que non é negocio a cobrar en medros individuais, senon en satisfacción do deber cumprido que terá un regueiro de luz na historia celes, o do galeguismo sincero. Pol-o que os cubizadores de medo poden arredarse de nós a tempo. Non enganamos a ninguén. Quenes non teñan maor fe que os isrealitas para atravesal-o deserto, recuen axiña.

Pol-o demais, c'o decreto de Besada, que na práctica e un "camelo", e inda c'o decreto mais perfecto, mentres perdure o réxime centralista actual, os caciques porán esta, aquela e todas as leis por monte-

Os viños do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodégas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: Waldo Losada

ra. ¿Non vemos com'os Gobiernos furan e bulran a Constitución cantas veces lles peta, inda ouvindo as protestas de Hespaña inteira? Pois si bulran e furan a Constitución, sin medo ó Parlamento, ¿como non han furar e bulrar as leis que sô afectan a probes labregos illados, escravos económicamente i-espiritualmente?

O mal non é das leis, senon do réxime. Feita a lei feita a trampa. O mal non é de falla de liberdade individual, senon de falla, de liberdade colectiva. Porque a liberdade individual, pouco a pouco, háse ir conquistando n'aquela porción de galegos que non teñan a clave das suas conciencias en máns dos que teñen as chaves dos seus estómagos. O da cidadanía é un problema universal, que resolto n'un país terá que se resolver en todos. E sin necesidade da axuda dos señoritos, a provincia de Pontevedra xa o vai resolvendo. Que a redención dos agrarios ha ser cousa dos agrarios mesmos.

Pero a liberdade colectiva—n'este caso a autonomía da Galiza—terá de ser o único que nos poña en xeito de salvar o noso atraso para situarnos á altura dos países d'Europa somellantes ao noso. Que mentres Galiza sexa a cincenta da Hespaña, a VITIMA "UNICA" do proteccionismo arancelario bárbaro que fixa un progreso, que ten mais de artificio que de realidade, no orde material, cando menos, na Cataluña, nas Vascongadas, na Asturias, etc., e mentres se nos obrigue a sermos tribularios dos señores feudales do trigueirimo de Castela, non sairá d'escrava, en senso económico a nosa Terra, toda a nosa Terra, i-en Terra escrava xa sabedes que non pode haber homes libres. De seguiren así as cousas, teremos cidadanía, si cadra, pro os cidadans non poderán aproveitala, porque os mais fortes e os millores, continuarán a emigraren... ou a se someteren...

Así contestamos nosoutros a quen, por nos moi estimado, dend'a tribuna do mitin agrario da Cruña, feito na data do 10, nos convidou á propaganda no campo chatándonos de escomezarmos pol-o tellado o noso casal, cando andamos a pulire a primeira pedra dos cimentos, sabidores de que a toda revolución, para que sexa fecunda, han de lle precederen os enciclopedistas.

* * *

Fora d'esto, inda tencionamos que son tamén sospeitosos os que queren—efeito do seu temperamento político—camiñar de presa pol-as corredeiras labregas, sementando unha cidadanía serodia, sin queantura ideolóxica, feita da noite á mañán, que dea votos—votos que se contan e non se pesan—que sexan triunfos, de xeito democrático tan eclético que nin alarme ós ricos que sosteñen o dereito do gravame das terras nin abra os ollos dos pobres que sofren por mor de estaren as terras gravadas.

E con eses "redentores" e "apóstoles" que suplantán o caciquismo individual pol-o caciquismo sindical, que atraí ós labregos non por prédicas de xusticia nin por motivos ideolóxicos, senon pol-o engado de lles proporcionar abonos e granos—nova merca de vounlades—a causa de dispoñeren d'unha organización desegalegizadora, con cartos, cuia cabeza áchase en Castela, francamente, nós, nazionalistas acesos, non podemos aliarnos. Unhas actas pescadas n'este río revolto, turbio, non serán as actas galeguistas que precisamos. E a semente xúrdia é a que, os nazionalistas, andamos a botare no corazón dos mocios que inda "non teñen voto" e na i-alma virxe dos meniños que "han tardaren moitos anos en fel-o."

Da irmandade á patria ceibe

Unha fonda compenetración coá terra moldeadora do sere individual andaba a xurdire n-algunhos escolleitos. E ista mesma compenetración, fonda e íntima, levounos ó acaroamento precursor do vencello fraternal, determiniando do esgrevio sentimento colectivo que orixina a eistencia moral da patria, inda a despeito das decisións humanas. Aquela eistencia d'un sere colectivo superioe formado pol-a concordanza de actividades escolleitas latexantes nos seres individuais que o integran, i-en cuia concordanza latexa un como sello difrenzador, único, inconfundível, que soio a potencialidade d'unha raza espiritualmente independente i-esencialmente orixinal pode marcarse.

Trail-o acaroamento precursor, xurdeu, como non podía sere menos, a irmandade. A santa irmandade que as coincidencias ideolóxicas impoñen. Y-eisí, o que nun comezo eran simpres degoiros, arelas esvaídas, tencionamentos disgregados fallos de forza creadora e d'enerxía constructiva, non tardaron en apareceren, forrados pol-a mutua forza atraente e amalgamadora das analoxías no pensare, fundidos nun todo compacto e homoxéneo. Cò xurdimiento d'iste todo iniciábase o avante pol-o camiño en cuio remate háchase o trunfo. A familia fica orgullosamente en pé. E', xa, unha realidade imprescindible.

Constituída a xuntanza familiar pol-os escolleitos que puideron decatarse, por razón de superioridade, da eistencia antre eles do vencello fraternal que a comunidade de nai crea, con tal constitución xurdéu unha obriga. Era ela a necesidade imperativa de redimire ós por sua inconscenza, fillos desleigados e descoñecedores da sua proxenie. E d'iste xeito o apostolado deu principio con total-as abnegacións e total-os sacrificios que unha tan ergueita e santa tarefa leva consigo. Os sentimentos altruistas e redentores fixeron o seu niño no íntimo dos escolleitos. Y-eisí o labore salvador, outo e santo cal nengún, seguía a sua marcha, progresiva e rexamente, cara a un trunfo trascendental e definitivo.

E a familia, aquela gran familia constituída n-eisclusivo por irmáns, vai faguéndose, paseniño, meirande cada día. Até que chegue un—data xúrdia e gloriosa—no que a irmandade pol-a sua forza incontrastábel de atracción poida ollare como a Patria enteira e ela mesma. E como fora d'ela soio fica o alleo, o eistrano, todo o que, en suma, por fundamentos podeirosísimos amostrarase arredado de cote.

E cando a gran data chegue, o miragre ficará feito. Pol-a familia teráse chegado á Patria verdadeira, a única clás de patria que realmente pódese admitire. Isto é a aquela entidade superioe constituída por total-os seres individuais que, por tere unha soia nai, háchense fortemente irmanados pol-a concordanza de actividades escolleitas latexantes n-eles, e das que, en derradeiro termo, pudera decírese que son como o reflexo da acción intensa que a nai exerce encol dos fillos, impéndolles o seu sello difrenzador e único.

R. V. P.

A I. Asambleia de xornalistas galegos

En Santiago váise facer a I Asambleia de xornalistas galegos. Esta Asambleia é derivación d'un homenaxe que o cursi e fracasado García Martí propuxo para o director de "La Voz de Galicia", como pago de bombos. García Martí, ten de galego o haber nacido na Poba do Caramiñal. Un home que sempre pensou en vivir en Madrí e que se adica a crónicas de salóns madrileños, ¿pode usar de voz e voto na nosa Terra? Galizia para ese pinoca ("pollo bien") foi Alfredo Vicenti. Porque non ceibándose do brazo de Vicenti traballaba por un hoco no "Liberal".

¿Tal é o pai da criatura. E a criatura, filla de tal pai, ¿cómo haberá de sere?

¡A I Asambleia de xornalistas galegos! Non, a I Asambleia de dependentes d'empresas xornalísticas feitas por caciques para caciquearen. Iso, somentes iso, porá ser a farsada que o derradeiro d'estes unes xuntaráse en Compostela.

Os verdadeiros xornalistas galegos que hai na Galiza acháranse arredados d'ela. Porque os verdadeiros xornalistas galegos—co'a esceución de catro ou cinco que escriben en xornaes—son os redactores dos semanarios, quincenarios e mensuarios agraristas e aleguitas. Eses homes, que a mais de non cobraren nada pol-o seu traballo patriótico e xusticiero fan a cotío moitos sacrificios, espóndose aínda, coma premio, a sufriren os rigores da lei.

Os infatogramas e inflafondos dos xornaes d'Empresa non pasan d'escravos do caciquismo, apoiadores e sostenedores da forza d'este. E ademais a súa cultura, cáseque sempre, corre parellas co'a súa ética.

E taes señores, axuntados en Asambleia, ¿poden facer algo por Galizia como non sexa póla no ridículo?

A súa dignidade profesional xa fica probada c'o feito de que se sintan tan pequenos, tan cativos, que mercisen levar á presidencia do seu cónclave a un catrático coma Barcia Caballero, tan douto cal vos peite, pero que non é xornalista. Ora entre todol-os xornalistas conformes con isa antroidada ¿non hai un só con xeito presidencial?

A devandita Asambleia podería, pois, chamarse asambleia de "plumíferos" galegos devotos de García Prieto, Gasset, Bugallal, Riestra, etc., pero asambleia de xornalistas galegos, non, non e non.

¿Temos razón, 'leitores?

¡Gallegadas!

Polo mundo civilizado, cando falan da barbarie e da incultura hespañolas, nomeanas co ista voz despectiva: "hespañoladas"!

Cando os hespañoles incultos e salvaxes, cheos de mala fe e de prevencións vergoñentas falaron das nosas cántigas fermosas e suaves cal non outras, chamaron lles despectivamente: "¡gallegadas!"

Muitas voltas a prensa de Madrí acórase e asáñase porque da outra banda do Pirineo chega o gorgajo do desprezo envolto na parola cativa.

Os galegos aceptaron a ruindade, fixeron seu o estigma A nosa laceira espiritual tivo como gabanza o alcume e desde entón a nosa música leva como denominador común un aldraxe. E aínda hai libros, de versos para maor vergonza, que se titulan así: "Gallegadas".

Un galego instruído d'isos que fan periódicamente o papel d'homes cultos, guindaría a súa pluma de nantes d'escribire de "castellanadas", "asturianadas", "andaluzadas", mais, ise mesmo estúpido é o que se revé e relambe falando das "gallegadas".

E fica todo dito.

V. TAIBO.

O Día de Galizia

O Cabaleiro do Sant Grial

O 25 os nazionalistas galegos e as «Irmandades da Fala», lembrarán a data do Día de Galizia con actos públicos e outros íntimos.

Prégaselles a aqueles irmans que poidan, penduren dos balcóns das súas casas a bandeira galega, na dita data.

Na «Irmandade» da Cruña haberá unha velada pública na que se lerá unha carta conferencia de Vicente Risco, acerca da sinificación da festa e o poema (saga) de Ramón Cabanillas O cabaleiro do Sant Grial que no Ateño de Vigo foi loubadísimo.

No número proisimo de A NOSA TERRA, ofreceremos íntegra aquela saga aos nosos lectores coma agasallo a súa costancia no sostén d'este boletín tan patriótico e tan necesario para Galizia.

O xeneroso e xenial Cabanillas ténnos autorizado para elo.

Cantos lén A NOSA TERRA poderán pois, no próisimo número saborearen

"O Cabaleiro do Sant Grial,"

Por adiantado reciban os nosos irmans o saúdo garimoso da redacción d'este boletín na festa sinalada do «Día de Galizia», do día da Patria.

Liñas de loito

Un querido irmao noso, Fernand Blanco, sofre unha fonda pena: a da perda da súa nai, unha dona boa, virtuosa, que tiña sin fin d'amistades na Cruña, porque facíase querere de cantos a tratában.

Fernando Blanco sabe coma nós sentimos os dores e as lédicias dos irmaos. E haberá de se decatarse, pol-o mesmo, que no grande dolor que agora o abraia achámonos cabo d'él, c'o corazón, facéndoos noso.



ALVARO CEBREIRO
A. CEBREIRO 1922

Imeldo Corral, o mais enxebre dos paisaxistas galegos, que despois de ter feito unha Esposición brillante en Vigo, agora anda a facere outra no Balneario de Mondariz.

Conto d'amore

ELENA

Tí bícasme cando durmo, ¿nonsí? Eu sinto en sonos nas fazulas, na fronte, nos cabelos, uns aloumiños tan meigos... E cando os noto nos ollos vexo os teus labres mornos e pálidos ó través das palpebras pechas.

—Sí, direicho: bícote moito; bícote mais que agora... mas non coidaba turbal-o teu acougo.

—Non, ¡pero si non me queixo! ¿Non ves que non me fas mal ningún? Moi pol-a contra, cando me bícas dormida síntome coma arrecadada pol-a outra vida,

pol-a que degaramos, talmente coma se do sono pasara, ó xeiteniño, a ela, ó impeitizo dos teus beixos tépidos. Parésceme que non morro, i-hastra que o meu corpo non podrece, ficando, adormexado, sensibre ós teus bicos, alleio a toda outra impresión ou sentimento. Mas hasme dicir: ¿béixasme durmindo porque coidas facel-o pouco estando esperta? Anda, dímo. ¿Non me das cantos bicos queres? ¿Ou é que desexas probal-a miña nobreza?

—E que quero velal-o teu soniño; é que quero arredar de ti, co meu agarimo, as malas fadas i-as sensacións alleas á tua i-alma. ¡E que te quero mais! ¿Non ves? Se non te quixera ben... ben, non te bicaría mais que esperta, pra che mantel-a ilusión azuada. ¡Cos meus labres soméllame infiltrar che nas tuas veñías o meu cariño, a miña i-alma, que te inmuni-

zan contra dos infruxos estraños ó noso amore branco.

—Sí, sí. ¡qué boiño és! ¡Cómo me queres! ¿E ti xa sabes cómo t-eu quero á ti?

—Sí, seino: porque penso que aínda en sonos recibel-os bicos pol-a gracia da tua vóntade.

—¿Sabelo que che quero pidir? ¿Xa xei que o has facer...

—Píde, meu dios, píde. ¿Qué non faréi, que ti me pidas?

—Non é sacrificio vano, nin capricho coqueteiro. E coma un presentimento, millor, unha arela, unha conviñón íntima, pra refrendare, pra abeizoar, o noso amor eterno. Chámalle, se queres, manía, i-hastra inquedanza fanática, que fanáticos son, como che non poden menos, as nosas almas intranquias. Asemade, é pol-o noso único ben.

Escóita... ¿Oubes? S'eu morrese... ¿Póñoche grimo? ¿Non, verdá? A morte é nosa amiga. Se, por de leve, eu morrese, s'gueme bicando, ¿sí? Ibasme seguir bicando, ¿non é verdá? Ibasme bicar como agora, coma adeito, pol-o día, pol-a noite... Ibas velal-o meu sono decisivo.

Yeisí siguiu o noso amo maravilloso.

Un día díxome ela, sen que l'eu vise movel-a boca:

—¿Relémbral-o meu prego, a tua promesa, aquela...?

—Si, carrapucheiriña, sí; non m'esquente: e esto é biqueina.

Pol-a noite agarimeina cos meus beixos, coma de cote. Hoxe somellábame ver transparentárese tral-as palpebras, rosadas coma arastora non as vira, un resprander azuado moi deble, que paseniño, moi paseniño, foise abrilantando, e que ó pousar alí os beixos tremelucía mainante coma a língoa roxa da vela ó batel-as aas arrentes unha volvoreta loura. Y-ó tremelocir virábase branca, rosa, a sua coor azuada. Y-eu a bicar mais, i-a lucecíña a abalar brandamente mais aínda, i-a volvoreta a abanar mais co'as añas o lume da vela.

E súpeto o volvoretiña matóu a vela, i-a luz dos olliños deveu mais forte e crara. Y-eu nas trebas do coarto mudo siguiu vendo non mais que as queridas palpebras rosadas, moi rosadas, como dúas petalas de rosiña, trais das que aínda rebrilaban e tremelocían, ós meus bicos, as "lucecíñas sacras" da miña Elena fidalga.

Chegóu o día, e os olliños, aínda dócemente pechos, non deixaban d'amostrar as palpebras rosadas i-as lucecíñas tremelocéntas e craras. Y-eu bicaba de cote, bicaba mais que nunea, a cabeciña finiquiteira e inmóvele.

E corronerón días, e mais días... e meses. Y-os meus labres esbaecidos e mornos—soio os meu labres, soio eles, pois ¿qué, sinón eles, ousaría "focarlle"?—continuaron a agarimar aquel profondo, aquel infindo acougo, a aloumiñar día e noite os cabelos, os olliños, as fazulas, sempre frescos, sempre "vivos", da miña idelatrada Elena adormentada.

ACAM.

25-VI-21.

En loubor de F. Tettamancy

Ja hai algún tempo que morreu Tettamancy, o ilustre historiador e aínda, ningunha das entidades culturás da Cruña pareceu lembrarse d'él. O concello da nosa cidade, que pol-os notabres traballos do distinto irmán, debía sel-o primeiro neste caso, cousa ningunha até agora fixo mentres que outras foi tan alleiramente pródigo en honores. E todo isto ven de que nos hachamos nun triste estado mental, no que non se estima mais que o que ja

está fora acreditado, no que non se ve directamente a propia vida.

Vivimos esquencidos de nos mesmps Desta maneira distanciados da sua propia vida como poderán producir tantos galegos algo que valla, cando toda produción cultural é nacemento do fondo da alma? Vede aquí a razón da nosa decadencia. Mais ja existen sinais certas de que queiran-o ou non, sairemos desde lamentabel estado.

Ha duas clases d'esprítus na nosa terra. A uns parece-lles seu horizonte estreito e atraídos polas seduciós cortesanas andan a procura de honores. O cas e chegar. Uns chegan pol-o seu talento, outros pol-as suas habilidades, outros... como poden. Aí in de contas Galiza nada lles debe: longe da terra nai desenvolveron a sua vida e non p'ra ela setnon moitas veces contra da sua esencia mesma.

Outros prefiren os encantos dos patrios eidos e se s-alongan, e pra tornaren (co'o proveito d'unha rica esperiencia) como os ádas anduriñas tornan ao seu niño. Longe sintiron pungente a saudade. As suas arelas dirixiron-se ao fado do seu pobo, cultivaron con amor o hostelo do esprito dos seus anteciores e a sua curiosidade andivo a pescudar as cousas da patria. Así pouco a pouco, silenzosos e traballadores van facendo que a chama da nosa cultura estea sempre acesa. A estes espritos Galiza lles debe todo pois sen eles estaría ja espiritualmente morta (que é morrer totalmente). Cando o mais dos intelectuaes galegos sintan desta geito Galiza estará salvada!

¿E como loubar mellor a Tettamancy senón dicindo que era desta aristocracia espiritual gloria e fundamento da nosa Terra, p'ra que sempre viviu...? Bon e traballador, galego de alma, entusiasta pol-os grandes ideás, merece mais que o que moitos de menos valimento teñen, dar o nome a unha rua ou un honor somellante, merece a gratitude de Galiza inteira.

Johan VIQUEIRA.

A Campaiña

Ao noso Victoriano Taibo.

San Patricio...

(¡Vida e morte de exempro, irmán poeta!)

...campiña pol-as agras da verdecente Erin, pol-os veirales da milagreira Irlanda...

(¡Ou druídica rosa de arrecendo frorecida ó luar, encol das auguas!

¡Mística, maina, donda, saloucante saudade da Raza!

¡Sangre, carne, hosos celtas!

¡Irlanda! ¡Nosa Irlanda!

¡Namorante Irmanciña que anifache lonxana...!)

San Patricio bendito, vai pol-as agras verdes vestido d-un sayal de branco liño.

Vai vestido de branco, tanguendo a campaiña que lle mandóu de Roma o Padre Santo.

¡Campaiña encantada que abre as portas do ceo y-ergue os valos lindeiros d-unha Patria!

Xa no-anda pol-o mundo San Patricio bendito: pomba de lenda, a sua almiña branca n-unha nube de prata ten o niño.

Cando iba cara ó ceo
véu que estaba lonxano
e que a terra, ¡a sua Terra!
quedaba alá, na escuridade, embaixo...

¿Mais outo? ¡Non! ¡Qué Dios lle perdoase!
...E pousó n-unha nube do camiño
pra non perder da meiga campaiña
ni-o mais levían tanguido.

¡Poeta, meu irmán na loita eterna,
roxa, abafante, brava!
¡Ven á veira do mar...! ¡Cala...! ¿Non ouses,
esvaído de dor, encol das auguas,
o tanguido de morte, a voz pregante
da doente campana?
¡Chega d-alá! ¡D-alá, onde a Irmanciña
erguéu o seu fogar! ¡Chega da Irlanda!

Fundida ó lume dos romances vellos
e de lellás e cancións forxada,
feita de amor e dor ¡tamén nos temos
unha meiga campana!
Como no-haj outra, dóce;
como ningunha, santa;
mimosa com-un bico;
tenra com-unha bágoa;
com-un adiós saudosa...
¡campaiña da Fala!

¡Tangue a reo, poeta,
tangue a nosa campana!
San Patricio te escoita
dende a nube de prata...

Ramón GABANILLAS.

Terra de Mos.

PENEIRANDO

Pero, señor, ¿por qué será que os sempre ridico-
los parlamentarios galegos, planteian tímidamente
nas Cortes os problemas da nosa Terra cando aque-
las áchanse en vísperas de se pecharen?

O Sr. Portela Valladares ceibou o seu discurso
contra dos foros; os mais parlamentarios galegos,
coma arráns, remexéronse na poza i-agora, despois
que o Goberno dou o "cerroxazo", Vincenti, Rodrí-
guez e non sabemos que outras din que eles tiñan
moito que falare.

¡E'xa tan difícil enganarnos!

* * *

Vinenti, por millor nome "Tontolin", dixo no
Congreso, falando ós escanos valeiros, que "era la-
mentabel a extensión dos dialectos catalán e galego,
e que a culpa d'ista extensión tiñaa o Estado po non
facer moitas escolas casteláns."

A Vinenti, concedéndolle honor d'abondo, o seu
sogro chamáballe besta.

Non hai ninguén que se non ría d'ele. Ademais
d'analfabeto é cursi e un probe home.

E aínda hai escolantes, mestre d'escola que o to-
man en serio.

¿Elo será posíbel?

Tontolin falando de cultura. Xentes que presumen
de cultas facéndolle veiras a "Tontolin."

¡E tan hespañol o de pospoñelo todo ao estómago!

LÍRICA URUGUAYA

A LAGOA.

Probe e triste
lagoa solitaria,
cheia de terra
toda enlamada,
triste lagoa
sin mais compañía
que o croar fero,
doente cántiga
irta e monótona
das tuas ranas.

O lago, o mar, o río,
semellan ó sol, cintas de seda e prata,
en troques en tí a luz
fai mostrar a tua cañivez mais abafada.

Sô ás veces, pol-a noite,
da tua delor se apiada
o céu, ó te ver sempre
homilde, abandonada,
i-entón coma consolo
da lama que te abafa,
ven o ouro d'unha estrela a tremelare
no mortíño cristal das tuas augas.

FOLLIÑA...

Folliña verde
e aterciopelada,
que te arrincou a bris
da planta
e hoxe camiñas coma
unha nave fantástica,
sobr'o cristal inqueda
e escintilante das augas...
¡Folliña verde
qué profunda lástema
eu gardo para tí drento da i-alma!

En épocas cecais
non moi lonxanas,
poida que aló n'unha arbre
folloso escintilaras
co'as miudas pingotas
da orballeira ornada,
O rouxiñol aquel que pol-as noites
na árbore cantaba
¿non era cecais teu noivo?
¿non era pra ti sua sérata?

Folliña verde (¡verde
coma aquela esperanza!)
has flotar pouco tempo,
sulagarte has pra sempre entr'as augas,
pro eu n'hei de esquencerte,
chegareime á ponla levían
da arbre onde un día amaneciches,
pra falar de ti co'as tuas irmáns...

JULIO J. CASAL.
(Traducción de A. V. P.)

¡Si ven el Rei a Galizia...!

Compriría dirixirle un memorial d'agravios, coma
Cataluña o fixera cando Alfonso XII visitou Barcelona.

Cecais e¡ Rei non saiba que Galizia é a nazonalida-
de da Península única no de ser escrava na sua eco-
nomía. Tan escrava que nunca poderá desenvolverse
en xeito europeo as suas riquezas naturais dentro do
réxime centralista actual. Tan escrava, que é a verda-

deira cincenta na Hespaña que a olla hoxe, coma de cote, con desprecio. Tan escrava que quizais sofra mágoa maor baixo a poutiga dos noxentos políticos da Porta do Sol, que a heroica irmá Irlanda, baixo os pes da Inglaterra.

Galizia percisa d'unha ampla autonomía para a súa vida. E xa, véndose desatendida, comenza a sentir o xermolo de formentos arredistas.

Galizia quer a súa liberdade e o seu progreso, e somentes ha poder conquerilos nun xeito autónomo. Os agrarios galegos deberían facerlle coñecer a el Rei as ruindades do caciquismo.

Vellos Poetas Gallegos

Anterior ao 1250.


A dona que eu am'e e tenho por senhor,
amostrade-m'a, deus, se vos prazer for,
se nom dade-m'a morte!

A que teh'eu per lume d'estes ollos meus
e por quem choram sempr'amostrade-m'a deus
se nom dade-m'a morte!

Essa que vés fesesdes melhor parecer
de quantas sei, ay dês, fazede-m'h'a veer,
se nom dade-m'a morte!

Ay dês, que m'a fezesdes mais c'a me amar,
mostrade-m'a hu possa com ela falar;
se nom dade-m'a morte!

Bernardo de BONAVAL.



"Cantos indecisos", de Teixeira, de Pascoaes.

O primeiro poeta ibérico, un dos primeiros líricos do mundo na hora actual oferécenos un novo libro de versos. Este libro é, sinxelamente, unha joya. N'ele hai modernidade e inspiración. Abonda tal volume para facer o nome d'un poeta.

Nós límos os "Cantos indecisos" unha, duas, varias veces. Temos de leelo moitas mais aínda. Compriria que ningún galego culto ou simplemente devoto da beleza deixara de coñecelo. As elegías sobre todo: o mesmo as postas no derradeiro do libro, que a elegía do amore e o canto á solidão, chegan á i-alma pol-o curazón, para esvairse en brétema de bágoas e de saudades esquisitas, requintadas.

Teixeira de Pascoaes, é o grande señor, o escelso cabaleiro da poesía lírica. As musas réndense agartmantes aos seus pes. No seu illamento do pazo de Amarante, fuxindo ao mundanal ruído, fixo nupcias co'a saudade. E "Cantos indecisos" é un dos mais formosos fillos d'esta xuntanza d'amore.

Non queremos hoxe analizar os novos poemas do ilustre vate. Nas columnas d'este boletín tencionamos publicar algúns d'eles. E tempo e lecer haberá para enxergar esbozos crísticos acerca dos mesmos.

Para todos, mas para as nais e as mulleres especialmente, "Cantos indecisos" terá de ser coma un devocionario maravilloso. Porque Teixeira, orredor da melancolía do amore e do valeiro d'un berce que alegrou outrora o encanto do meniño que levou a morte, tece un veo de poesía requintada.

Algo da sinxela inspiración de Rabindranath Tagore, envolta en vaguedades de neboeiro i-en brancos de luar, surde ás veces no derradeiro poema que Teixeira Pascoaes nos ofrece n'este libro. N'este libro admirábel. N'este libro que ninguén, amigo da poesía, pode deixar de lêre. Porque danos mostra era-

ra da forza lírica que no seio da raza galaico-portuguesa áchase sulagada. Porque é froito d'un xenio.

Mallarméc cantou a doenza do azul, Teixeira de Pascoaes divinizou a saudade que non é doenza, se non cualidade, forza potencial sublime da nosa Raza...

E agora coma homenaxe ó autor de "Cantos indecisos" queremos reproducir aquí as liñas que "Xenius", o catalán, no seu "Novo Glosario", lle ten dedicado a aquel.

Diz "Xenius": Non esquenceremos nunca, Teixeira de Pascoaes, que na primaveira do 1918 vivimos unhas semanas na tua compañía. Viñeches a profesar no noso Seminario filosófico un curso sobre os poetas portugueses. Tivémosche á nosa beira, coma padriño de rumbo, cand'o bautizo da nosa primoxénita Biblioteca Popular. Recitáchenos as tuas elegías e as elegías dos teus irmaos de raza. Un serán fixéchenos chorar co'as cantigas populares e co'as de Frei Agostinho da Crus. Outro serán choraches ti, porque rubias ao tren, na aburante pesadume do mes de Sant Yago.

Entón nosoutros démonos presa a nos pechare na sala do Seminario novo, inda recendente a madeira. Y ao pe do teu retrato antes do pendurar sobre o muro, escrevemos unhas palabras de saudade:

Coma San Francisco, magro e mouro, señor;

talla curta e os ollos ardentes de pasión,

e en calquera palabriña, un ár de oración.

Viña, sinxelamente, algo desorientado;

(levaba sobr'a cabeza un chapeiño torcido);

xeitos simios inocencias de recen nodo.

De nos dar as cancións, marchou cal tiña vido.

Nós partimos co'il a mais do pan o ambrosia

Nos deixaba unha frol, i-era a frol da simpatía.

A. V. P. 1

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos dende o porto da Cruña
 Próximas saídas DIREITAMENTE pra Habana e Veracruz

Vapor **FLANDRE** 29 de Xulio
 " **ESPAGNE** 21 de Agosto

Prezo en Cámara para o vapor **FLANDRE**

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	950	1.010

Prezo en Cámara para o vapor **ESPAGNE**

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda	"	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia	"	950	1.010
TERCEIRA CRAS	"	550	600

A estos precios hai que añadir os impostos
 Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.
 Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:
D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

COMPAÑÍA CHARGEURS REUNIS

Compagnie Francaise de Navigation

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bos Aires sairán d'este porto os máñificos vapores rápidos a dobre hélice e de 10.000 toneladas

2 de Agosto **JAUREGUIBERRY** | 19 Agosto **DESIRADE**

Estos vapores ademiten pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 2.^a económica e 3.^a crás.

Prezo do billete en 1.^a crás a Río Xaneiro, ptas. 2.028; a Santos, 2.084; a Montevideo, 2.364; a Bos Aires, 2.448

En 2.^a intermedia, a Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires, ptas. 973'75

Prezo en terceira, 484'60 pesetas

NOTA.—Nenes menores de 2 anos, un gratis por familia; de 2 a 5 anos cuarto pasaxe; de 5 a 10 anos, medio pasaxe; maiores de 10 anos, pasaxe enteiro
 Para toda clase de informes dirixirse aos Axentes Xeneraes para Hespaña:

ANTONIO CONDE (Hijos) Telegramas: CHARGEURS-Plaza de Orense, 2-CRUÑA

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día sairá da Cruña o paquete correo

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

		Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase	Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase	"	894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia	"	690'50		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incnuidos impostos), **Pesetas 485'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA